



## ACTA Nº 2023/1

### SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 27 de xaneiro de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

<b>PRESENCIALMENTE</b>
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
<b>CONCELLEIROS/AS:</b>
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M <sup>a</sup> TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M <sup>a</sup> VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SARA BEIRO BLANCO
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
<b>SECRETARIA</b>
ROCÍO HERMIDA CANCELA
<b>INTERVENTORA</b>
ROSA M <sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

##### I. **Borrador da sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado no seguinte sentido: 3 abstencións do grupo político IXCee e 9 votos a favor dos grupos políticos PSOE (4), PP(3), BNG(1) e Mixto (1).

#### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA**

2. **PROPOSTA ALCALDÍA relativa a Aprobación de gastos non subvencionables realizados**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



**no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 2345.81 euros. EXPEDIENTE Nº: 2021/A012/000021.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 23 de xaneiro de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“2. PROPOSTA ALCALDÍA relativa a Aprobación de gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 2345.81 euros. EXPEDIENTE Nº: 2021/A012/000021.**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Aprobación de gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 2345.81 euros.

**EXPEDIENTE Nº: 2021/A012/000021.**

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, a documentación achegada polo Concello de Dumbría 202290000001453 en data 19 de outubro de 2022, na que entre outra figura o seguinte oficio:

*“(…) Achégolle informe de secretaría-intervención en relación aos gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV.*

*O importe que debe asumir cada un dos tres concellos (Cée Corcubión e Dumbría) ascende á cantidade de 2.345,81euros.*

*Solicítolle o ingreso á conta do concello de Dumbría: (...).*

*Dumbría, 19 de outubro de 2022.*

O ALCALDE

*Fdo dixitalmente.”*

Visto así mesmo o informe emitido o 19 de outubro de 2022 polo Secretario-Interventor do Concello de Dumbría, entidade promotora do Obradoiro dual de emprego, onde se desglosan os gastos comúns non subvencionables.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO** ao PLENO da CORPORACIÓN a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar os gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 2345.81 euros, parte correspondente o Concello de Cee a favor do Concello de Dumbría.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o Concello de Dumbría, os efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”



**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

## -----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa xa coñecen a proposta e foi tratado na comisión.

Sra Iglesias Lema: igual que lle dixen na comisión non entendo, Vde contestoume o interese que tiña en poñer cero euros

Sra Diaz Mejuto: Pili es el punto 2.

Sra Iglesias Lema: perdón no pasa nada.

Sra alcaldesa este es el punto de solpor.

## -----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por: 6 votos a favor dos grupos políticos PSOE (4), BNG(1) e Mixto (1) e 6 abstencións dos grupos políticos PP (3) e IXCee (3).**

## -----INCIDENCIA-----

### **FAI ENTRADA NO SALÓN DE PLENOS D. CÉSAR PÉREZ MARTÍNEZ ÁS 20:03 HORAS.**

#### **3. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023. Expediente Nº: 2023/T002/000003.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 23 de xaneiro de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

#### **"3. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023. Expediente Nº: 2023/T002/000003.**

Considerando a seguinte:

#### **"PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023.

**Expediente Nº:** 2023/T002/000003

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que a prórroga do Orzamento Municipal de 2022 a 2023 non leva consigo (segundo circular 1/2019 de IGAE e Informe de fiscalización que obra no expediente), a prórroga das subvencións nominativas que pola súa natureza deben ter carácter excepcional, sendo polo tanto necesario que o Pleno da Corporación realice unha



asignación dos créditos que foron obxecto de prórroga ás subvencións nominativas que pretenda realizar, é polo que **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións do Orzamento para o exercicio 2023, cuxa redacción é a seguinte:

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Solidaridade Galega co Pobo Saharaui	1.560	Programa Vacacións en Paz	Postpagable
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago-Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club ( G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Cee de deportes de contacto ( G70209341)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación Comisión de festas da Xunqueira de Cee	50.000	Convenio	Prepagable
330/489.01	Asociación de amigos da Banda	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural Terra de Sena	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	SDC Brens	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	Coral Polifónica Costa da Morte	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural banda de música de Cee	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	SDRC Fumes do Cal	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural Peta Forte	0€	Convenio	Postpagable



330/489.01	A.R.C.E Pedras Miúdas	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	AA..VV. TOBA	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	A.A.V.V AS CALDEIRAS DE GURES	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación Pan de Raposo	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación de amas de casa, consumidores y usuarios	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira ( G67767681)	5.000€	Convenio	Prepagable

**SEGUNDO.** Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**TERCEIRO.** Considerar elevado a definitivo este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

**CUARTO.** Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán."

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

## -----INTERVENCIÓNS-----

PES: Plan Estratéxico de Subvencións.

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta foi tratada na comisión e a proposta vai en función en canto o orzamento foi prorrogado as partidas son as mesmas e as subvencións se manteñen, aparecen unha serie de mencionadas, asociacións con importe cero porque concretamente na proposta que viña cos orzamentos para Atlético Pereiriña constaban 1500 euros, deportes en contacto 1500, asociación de amigos da banda 3000 para a asociación cultural Terra Sena 2500, asociación Brens 1500, coral polifónica 1500, asociación banda musica Cee 1500, Fumes do Cal 800, asociación cultural Petaforte 800, Pedras miudas 800, asociación vecinal Toba 800, de Gures 800, asociación Pan de raposo 500, amas de casa 500, amigos da Xunqueira eran 15000, evidentemente isto non se pode



traer así porque os orzamentos foron prorrogados e non hai presuposto e nos temos que limitar as partidas presupostarias existentes, implica que al tener las asociaciones denominadas si al lo largo del ejercicio , se aprueban unos presupuestos se pondrán las cantidades económicas correspondientes.

Sra Díaz Mejuto: usted lleva en la alcaldía desde 2019, desde 2019 hasta el día de hoy contando con el plan estratéxico de hoy se llevan aprobado 4 Pes, en el 2019 el PP le aprobó el primer presupuesto, las subvenciones a las que usted dió a las asociaciones que dio subvenciones las voy a nombrar: unión club cee 6000 euros, A.C.B costa da morte 4000 euros, asociación deportiva olimpia 2500 euros, fútbol sala femenino villa de Cee 2200 euros, sociedade deportiva de Ameixenda 2200 euros, club arte e movemento 1200 euros, Fernando Blanco 18000, cáritas 6000, viraxes sl 73847,45 aparte becas y demás, vale, estas son las subvenciones que dio su gobierno en 2019 con los presupouestos aprobados por el PP. En el PES 2020-2021, con los presupuestos aprobados por el PP: unión club cee 6000 euros, A.C.B costa da morte 4000 euros, asociación deportiva olimpia 2500 euros, fútbol sala femenino villa de Cee 2200 euros, sociedade deportiva de Ameixenda 2200 euros, club arte e movemento 1200 euros, Fernando Blanco 18000, cáritas 6000, viraxes sl 80.000 euros, además las becas y demás pues esto es con presupuestos aprobados y hechos a su medida que los aprobamos nosotros. En 2022, usted si hace alguna modificación e incluye al atlético pereiriña con cero euros y amigos da xunqueira con cero euros, con esto que quiero decir a donde quiero llegar, el tema es que se aprobaron 2 presupuestos y si hubiese tenido en cuenta las necesidades reales de estas asociaciones, estaban legalmente constituídas y tenían actividad en 2019 cuando usted entró si quería darle una asignación pudo haberlo hecho en 2019 y 2020 lo que me parece una barbaridad es que diga a estas asociaciones que no se le dan porque no se aprobaron los presupuestos porque se le aprobaron dos, cuando veo esto y la escucho a usted intento comprenderlo y la única conclusión que llevo que esto no está dado, que estas subvenciones no están dadas por las necesidades reales de estas asociaciones sino que tienen un único fin, un solo objetivo, electoralista Sra Lamela porque pudo tenerlas en cuenta en 2019 y 2020 y lo que hace en el 2023 en período pre elecciones a un mes mas o menos de la convocatoria de elecciones nos viene y dice todo esto, pero la responsabilidad es suya no nuestra no puede decir que no se han dado porque no le hemos aprobado los presupuestos porque si se los hemos aprobado. Cada uno tiene que asumir su responsabilidad usted tienen que gestionar el dinero para las asociaciones no traspase responsabilidad a los demás, le vamos a facilitar y aprobar y si lo hubiese traído en 2019 se lo hubiésemos aprobado y en 2020 igual.

Sra alcaldesa: cuando entré en 2019 se aprobaron los presupuestos del 2019/2020, lógicamente el presupuesto estaba prácticamente agotado no podría hacer lo que dice y cuando se aprobaron los del 2020 se pusieron las mismas que con anterioridad desconociendo evidentemente porque creo que lo aprobamos en noviembre y desconociendo muchas necesidades puesto que no estaba en el gobierno, posteriormente no se aprobaron, los anexos de subvenciones se traen en enero por un cambio de la normativa que obliga a aprobar este anexo de subvenciones con las partidas correspondientes, el motivo que en los anteriores que traje se pusieran cuantía cero como amigos da xunqueira que luego asignamos una cantidad o como deportes en contacto o de pereiriña fue precisamente porque hubo unos remanentes y pudimos hacer esas modificaciones de ahí que ahora en estos momentos se traiga y se ponga un anexo más completo y cuantía cero para ponernos igualdad de condiciones que las demás y para evitar en funcion de las necesidades evitar los reparos que está poniendo intervención, hay que hacerlo a través de las subvenciones si no aprobamos los presupuestos no pasa nada pero queda mejor el anexo de subvenciones de esta forma para luego hacer las modificaciones presupuestarias correspondientes solo a la parte económica.

Sra Díaz Mejuto: Usted dice todo eso y yo perfecto no voy a entrar, lo unico que le voy a decir es que si acababa de llegar en el 2019 y no sabe las necesidades como presidenta de este órgano debería conocer las necesidades, y si en el 2020 sigue sin saberlas debería molestarse y preguntar y despues en 2022 no hay presupuesto Sra alcaldesa y usted hace las modificaciones y no le vamos a poner ningún impedimento en que una asociación tenga unha subvención, solo queremos subvenciones reales y adaptadas a las necesidades de esas asociaciones lo que no puede ser que en el 2023



cuando no tuvo en cuenta a ningunha y decirnos que es culpa nuestra que no aprobamos los presupuestos se lo dijo así portavoz Sr Dominguez, al PP, está recogido en acta y no es verdad cada uno tiene que asumir la responsabilidad que le toca lo que es del papa es del papa, está poniendo estas asociaciones con un fin electoralista.

Sra alcaldesa: entré como alcaldesa el 16 junio del 2019, y se aprobaron, me sigue?

Sra Díaz Mejuto: La sigo y comprendo, no me falte.

Sra alcaldesa: se aprobaron los primeros presupuestos del 2019 en septiembre octubre, con unas partidas totalmente agotadas, que venían de estar prorrogándose durante 3 años los presupuestos, y luego se aprobaron los del 2020 en noviembre o diciembre, no pasara nin siquiera 6 meses cuando se aprobaron dos presupuestos. Si se atendieron a las necesidades? Claro que se atendieron a las necesidades desde el concello, por ejemplo asociación de Brens y Terra de Sena el concello colabora con el palco, sonido con lo que sea necesario y con el resto de las asociaciones lo que pidan también se colabora y se vino colaborando, ahora esa cantidad se le da en concepto de subvención simplemente se trata de regular una situación no tiene ningún fin electoralista para nada ahora se iba a regular de una forma diferente, pero si que hai una colaboración del concello con cada asociación.

Sra Díaz Mejuto: yo eso lo se, se que el concello colabora que están constituídas desde antes 2019 y se que en 2019 se le aprobaron unos presupuestos que dice partidas agotadas, en 2020 unos que fueron hechos por usted, si no están hechos a su medida no los haga porque veo que non le vale, en 2022 vuelve a traer este anexo de subvenciones y solo hace una modificación añade al atlético Pereiriña con 0 euros y amigos Xunqueira con 0 euros pudo haber incluído a todas estas, a mi no me molesta creo que no me estoy explicando, el hecho de que estas asociaciones vengan ahora y que traslade la responsabilidad de que queden a cero al PP no porque no es cierto, nosotros no tenemos ninguna responsabilidad, es suya y cada uno tiene que asumir la parte que le toca.

Sra alcaldesa: la responsabilidad no es del gobierno, nosotros hemos traído unos presupuestos con 33000 euros mas con las partidas correspondientes para subvenciones que no fueron aprobados a partir de ahí una vez que transcurran las elecciones a quien corresponda traerá los presupuestos y los hará como considere oportuno por parte del gobierno se trajeron así para que sea mas facil hacer las modificaciones, nada mas, no tienen ningun tipo de fin electoralista ni mucho menos sino para dejar regulado mejor una situación, nada más.

Sra Iglesias Lema: tirando do fio da compañeira do PP, xa non vamos meternos nos presupostos do 2019 pero cando se elaborou o do 2020 e o anexo de subvencións si as pudo incluir, e cando fala de criterios que non houbo cando veu o pleno o noso grupo xa dixo que deberíanse emplear criterios como xente desempregada etc, o de cero euros é puramente electoralista, Vde xa lles estuvo axudando porque o presuposto ven prorrogado dende o 2020 e douselle cartos igual das partidas que se podan sacar cartos, é o que ven facendo o que non pode pretender e facer presión para aprobar o presuposto poñendo por diante a Ceediño, asociación que teñan claro que lles vai pagar e senon propoñemos que deses 2 soldos políticos e 1 eventual que pague deles e a catro meses das eleccións é o momento de pedir que veñan as que queiren que van cobrar todas pero que non poña a culpa a oposición, o goberno ten que asumir as suas responsabilidades.

Sra alcaldesa: resulta que cuando se aprueban los presupuestos del 2019 respecto a las subvenciones se mantienen las de la legislatura pasada que usted formaba parte de ese gobierno y dada la experiencia de usted que estuvo la legislatura pasada y mas, se mantuvieron estas, pese a la experiencia que tenían año tras año y conociendo los gastos de cada asociación nunca incrementaron el anexo de subvenciones, relación al tema de los salarios que lo diga usted, me sorprende muchísimo, porque mire, en la legislatura que usted era secretaria personal del alcalde y usted cobraba y el alcalde y dos concejales mas había cuatro salarios en este concello, solamente eso.

Sra Iglesias Lema: voulle contestar as dúas cousas, a diferencia de Vde o anexo subvencións é o que vimos tratando este mandato todo e por suposto vamos votar a favor este punto e o seguinte pero a diferencia de Vde, o anterior alcalde cando viña aqui non viña a queixarse de si se aprobaban o as esa era a gran diferencia do goberno anterior a este goberno.



Sra alcaldesa: Nunca se trajo.

Sra Iglesias Lema: Por outra parte con respecto os soldos, recordolle que estabamos en coalición co partido socialista e non eramos catro, sabe cantos eramos?, habia os mesmos soldos sendo agora catro.

Sra alcaldesa: No, había uno mas

Habia un mais? Pero éramos 7 no goberno,

Sra alcaldesa: El trabajo es el mismo

Sra Iglesias Lema: Faga unha regra de tres para ver canto sae

Sra alcaldesa: Respecto al anexo de subvenciones el anterior alcalde nunca lo trajo porque no era obligatorio, la obligatoriedad de traerlo anualmente l fue posterior a entrar yo como alcaldesa y el Sr Vigo no lo trajo porque no era obligatorio por lo tanto no podriamos debatir este punto.

Sra Iglesias Lema: En calquera caso o anexo de subvencións ou outro tema calquera nunca se puxo culpa a oposición porque non se aprobaban os presupostos cada un que asuma a súa reponsabilidade, para que lle vamos dar mais voltas si van cobrar as subvencións como ata agora, é o momento agora de pedir unha farola, cartos para unha subvención a catro meses das eleccións ese e o mensaxe do grupo IXCee.

Sr Domínguez Louro: o BNG vai apoiar este punto, fixémolos sempre que veu aqui o anexo de subvencións, consideramos que a esto todo había que darlle unha volta, fixémoslle sempre que falou dos presupostos, fixemos unha oferta aberta, clara e sinceira e un dos puntos precisamente era abrir unha liña de subvencións para as asociacións culturais e veciñais, ese punto engadía tamén que podía estar no 0,5 % do presuposto en calquera caso non é un problema de cantidade, habería que chegar a un acordo e un reparto equitativo baixo noso punto vista contactando coas asociacións pedindo unha memoria do que levan facendo o ultimo ano para valorar as necesidades que cada asociación ten, o que Vde presentaba como proposta nos orzamentos non recollía iso, estaba mais que claro porque había asociacións que teñen gastos de mais de 15 ou 20.000 euros e a subvención era a mínima polo tanto o que propoñemos e deixamos enriba da mesa que se use este método que se está facendo agora coas subvencións da deputación tanto en ámbito cultural como no deportivo co cal creo que é a maneira mais xusta de facelo, asociacións culturais ou deportistas individual debería presentar unha memoria do que levan feito no último ano e tamén por suposto un proxecto para o ano que ven en curso e os gastos previsibles que puidera facer e analizar incluso xunto co técnico de cultura e deportes e persoal alleo para que non haxa xénero de dudas e a partir de aí repartir equitativamente os cartos que haxa que a cantidade creo que sendo importante é o mínimo, deixamos aí a proposta enriba da mesa e estamos dispostos a que todas as subvencións que Vde recollía e que figuran con cero euros darlle unha axuda porque a merecen e seguramente falte algunha mais, repito o que dixen antes, faltan os deportistas individuais que tantos éxitos están dando e está ben felicitalos pola redes sociais pero non viven das redes sociais como non vive ninguén, que ten tinte electoralista está mais que claro é innegable pero Vde pode dicir o contrario pero calquera que escoite si nos escoitan porque sigue sen mellorar o tema do son, pero cae de caixón que a tres meses, branco e en botella.

Sr. Pérez Martínez: branco e en botella, viño.

Sra alcaldesa: en relación a las propuesta de las asociaciones con carácter deportivo no se han modificado las cantidades que se venían manteniendo a lo largo de estos años y a mayores incluian atlético Pereiriña y deportes en contacto, respecto a las de cultura he pedido un informe al técnico de cultura y las asignaciones fueron teniendo en cuenta una memoria realizada por el técnico en función de las necesidades de cada asociación no las puse yo por poner se tuvo en cuenta el informe emitido por el técnico de cultura.

Sr Domínguez Louro: moi breve repito que seguramente o técnico de cultura fixo ben e con boa vontade ademais conozco a persoa e sei que o fai ben pero non ten porque coñecer todas as necesidades das asociacións porque hainas que fai anos non ten contacto co técnico de cultura porque senon hai subvencións o contacto que teñen e simplemente para colaboración cando se fai algún acto





e se lle pide colaboración porque hai grupos de baile de música etc etc creo que todas as asociacións colaboraron sempre incluso se lle daba unha cantidade este ano non houbo ese agasallo non sei porque non pasa nada, desde logo constame que moitas das asociacións non querían tan sequera ese diñeiro pero el sempre intentaba axudar, polo tanto creo que queda clara a postura e se pode facer mellor incluso no tema deportivo hai clubes que co mesmo número de fichas, partidos, xogadores non teñen as mesmas asignacións tamén se debería corrixir non tirar para abaixo senon de abaixo para arriba o tema das subvencións hai que darlle unha volta moi en serio para que se faga xustiza e se analice a realidade de cada unha.

Sra alcaldesa: recordar unha pregunta que hice cuando se redacto los presupuestos que tuvimos dos comisiones al respecto, se debatió el tema de las subvenciones se trató ese mismo tema y pregunté directamente a que asociaciones eran a las que se le restaría una cantidad de dinero para darsela a otros y nadie contestó nada.

Sr Domínguez Louro: acabo de decirllo non hai que restarlle a niquen hai que asignar unha cantidade e despois repartila equitativamente e si non hai presupostos haberá que analizar polo miudo que necesita cada asociación, que necesita cada club, cada deportista individual porque repito un deportista individual o que non se lle axuda 400 euros pode ser unha barbaridade para el, podelle arreglar moitísimo, por exemplo 400 que é unha cantidade irrisoria, por iso hai que analizar e chegar a una acordo e dialogar, dialogar e dialogar.

Sra alcaldesa: cuando traemos unos presupuestos con 500.000 euros mas para repartir y se vota en contra tenemos esas cantidades.

Sr Domínguez Louro: non quería nombrar que xa o fixeron as compañeiras Vde ven aqui para facernos chantaxe para decirlle as asociacións que malos somos los que no gobiernan que no nos aprueban los presupuestos, sino teníais mas, si quixera ter mais xa dixo a portavoz do PP fixerao no 2020 no 2019 non xa estaban partidas gastadas, pero tiña posibilidade no 2020 e non o fixo.

Sra alcaldesa: tenia 500000 euros menos.

Sr Domínguez Louro: había onde sacalos, acaban de poñerlle exemplos.

Sr Hermida: o noso grupo cos anexos como fixemos con anterioridade imos votar a favor.

## -----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por unanimidade (13 concelleiros/as).**

### **4. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023. Expediente Nº 2023/X999/000020.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 23 de xaneiro de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“4. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023. Expediente Nº 2023/X999/000020.**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Aprobación Plan Estratéxico de Subvencións 2023.



**EXPEDIENTE Nº:** 2023/X999/000020.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, dada a necesidade de aprobación dun Plan estratéxico de subvencións é fixar as liñas de actuación no outorgamento das mesmas o que debe ser acorde cos principios reguladores da lei de subvencións, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións 2023 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

### PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Hai que ter en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o Goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redundan de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións [instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública], de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

#### Artigo 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2023 axustarase ao previsto no presente Plan.

#### Artigo 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.



### **Artigo 3**

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

### **Artigo 4**

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

### **Artigo 5**

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

### **Artigo 6**

As materias que o Concello de Cee pretende subvencionar son as seguintes:

#### **2023**

- Acción social: CARITAS DIOCESANA, emerxencias sociais, premios, libros e becas de comedor, colaboración internacional.
- Cultura: Fundación Fernando Blanco; Amigos da Xunqueria, Entroido, asociacións culturais...
- Deportes: asociacionismo deportivo, etc.

### **Artigo 7**

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

#### **A) colectivos desfavorecidos:**

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidade de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Custos previsibles:** 5.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

### **Artigo 8**

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

#### **A) premios:**

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da lectura e da cultura popular

d) **Custos previsibles:** 6.000€ para 2023



e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

## B) Museos

**Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística e a cultura a través de dos museos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura popular e o arte

d) **Custos previsibles:** 18.000€ para 2023

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da colección- museo da Fundación Fernando Blanco en relación os gastos de natureza corrente.

## C) Ano Xubilar 2022/2023

**Obxectivos:** Impulsar o evento Ano Xubilar 2022/2023

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura

d) **Custos previsibles:** 5.000

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da actuaciónes do ano xubilar e a coroación da Virxe da Xunqueira

## D) Asociacións culturais

**Obxectivos :** impulsar a actividade cultural do municipio

**Efectos:** fomento da cultura

**Custos:** pendentes de determinar

**Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

**Plan de acción:** colaboración no sostemento das actuacións de distintas asociacións culturais do municipio.

## Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

### A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Custos previsibles:** 18.100 para o 2023.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

g) na área de deportes destaca a entrega coma contraprestación para fomentar e favorecer o deporte, a menor cuantía a sufragar polos usuarios e a promoción deportiva a aportación con carácter de subvención á explotación a favor do concesionario da instalación da piscina municipal polo importe que resulte do resultado da explotación e cun importe máximo de **80.000€**



## **Artigo 10**

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

## **Artigo 11**

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratégico de Subvencións.

## **Anexos:**

1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Cee para 2023 dentro do orzamento prorrogado do 2020.

<b>PARTIDA</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>DESTINO</b>	<b>CARÁCTER</b>
230/489.0 0	Solidaridade Galega co Pobo Saharai	1.560	Programa Vacacións en Paz	Postpagable
230/489.0 0	Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.0 0	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.0 0	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.0 0	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.0 0	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.0 0	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.0 0	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.0 0	Atlético Pereiriña Fútbol Club ( G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/489.0 0	Club Cee de deportes de contacto ( G 70209341)	0	Convenio	Postpagable
340/472.0 0	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.0 1	Asociación Comisión de festas da Xunqueira de Cee	50.000	Convenio	Prepagable
330/489.0 1	Asociación de amigos da Banda	0	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	Asociación cultural Terra de Sena	0	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	SDC Brens	0	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	Coral Polifónica Costa da Morte	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0	Asociación cultural banda de música de Cee	0€	Convenio	Postpagable



1				
330/489.0 1	SDRC Fumes do Cal	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	Asociación cultural Peta Forte	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	A.R.C.E Pedras Miúdas	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	AA..VV. TOBA	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	A.A.V.V AS CALDEIRAS DE GURES	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	Asociación Pan de Raposo	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	Asociación de amas de casa, consumidores y usuarios	0€	Convenio	Postpagable
330/489.0 1	Asociación de Amigos da Xunqueira ( G67767681)	5.000€	Convenio	Prepagable

**SEGUNDO.**-Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poden presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Publicar así mesmo, na sede electrónica deste Concello <https://www.cee.gal>.

**TERCEIRO.**- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións, no caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Plan no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.

**CUARTO.**- O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] deste Plan, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra. alcaldesa: es lo mismo.

Non hai mais intervencións

-----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por unanimidade (13 concelleiros/as).**



## DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

### 5. Proposta da alcaldía relativa á APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE CEE. Expediente núm.: 2023/G013/000001.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 23 de xaneiro de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

### “2. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE CEE. Expediente núm.: 2023/G013/000001.

Considerando a seguinte:

#### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE CEE

**Expediente núm.:** 2023/G013/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o Expediente tramitado ao efecto, así como os informes obrantes no mesmo.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO O PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE CEE,** coa redacción que a continuación se recolle:

#### *“REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE CEE INTRODUCCIÓN.*

*A Constitución Española de 1978 recoñece ós municipios, ás provincias e ás comunidades autónomas, autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. É o artigo 140 o que consagra o principio de autonomía local, polo que o goberno e a administración corresponden a cada un dos concellos.*

*O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, dedica parte do título VI, artigos 186 a 190, a regular as honras e distincións das entidades locais. Así, o artigo 189 sinala que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, distincións ou outros distintivos honoríficos, co fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como acordar nomeamentos de fillos/as predilectos/as e adoptivos/as e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que concorran nas persoas galardoadas.*

*Por todo isto, é manifesta a necesidade do Concello de Cee, en virtude da súa potestade de autoorganización, de aprobar un Regulamento para a concesión de distincións.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## Capítulo I. Disposicións xerais

### Artigo 1. Obxecto e clasificación

1. Os títulos, honras e distincións que poderá conferir o Concello de Cee, incluso con carácter póstumo, para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, serán as seguintes:

- a) Medalla do Concello de Cee.
- b) Título de Fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a.
- c) Título de Cidadán/á distinguido/a.
- d) Título de Ilustre visitante.
- e) Cronista oficial de Cee.

2. Poderanse distinguir de forma honorífica a persoas, institucións ou entidades dando o seu nome a vías municipais, establecementos, centros ou instalacións do Concello de Cee.

A distinción tamén se poderá materializar mediante a instalación dunha placa.

3. A concesión de títulos, honras e distincións recoñecerán méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, por ter prestado servizos ao municipio, dispensado honras ou producido beneficios sociais, culturais, turísticos, cidadáns, artísticos, musicais, deportivos, empresariais, científicos ou similares.

### Artigo 2. Carácter dos títulos, honras e distincións

1. Os anteriores títulos, honras e distincións teñen carácter exclusivamente honorífico polo que non xerarán dereito administrativo, nin conlevarán o dereito a ningunha indemnización nin terán efecto económico.

2. As persoas titulares das distincións de medalla do Concello de Cee, fillo/a predilecto/a, fillo/a adoptiva e de cronista oficial de Cee disporán dun lugar reservado nos actos oficiais aos que sexan convocados polo Concello de Cee.

### Artigo 3. Revogación

1. Os títulos, honras e distincións poderán ser revogados se os/as titulares realizan actos ou manifestacións contrarias aos motivos que xustificaron a súa concesión ou que de existiren no momento do outorgamento non o permitirían.

2. A revogación será acordada polo mesmo órgano que concedeu a honra, coa mesma maioría prevista para o nomeamento, logo da tramitación do correspondente expediente e de dar audiencia á persoa interesada ou ás que a sucedan.

3. Non poderán concederse os títulos, honras, nin distincións aquí reguladas aos membros da





*Corporación municipal en tanto exerzan os seus cargos.*

*Capítulo II. Clasificación e requisitos das distincións.*

*Artigo 4. Medalla do Concello de Cee*

*1. A concesión da medalla do Concello de Cee outorgarase a aquelas persoas físicas ou entidades públicas ou privadas que destaquen polos seus merecementos e a súa traxectoria no sector turístico, cultural, veciñal, artístico, musical, deportivo, empresarial, social, científico ou similares.*

*2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*

*3. Esta distinción correspóndese coa imposición dunha medalla co escudo do Concello de Cee e coa entrega dun diploma artístico co escudo de Cee, con breve mención dos merecementos e entregárase nun acto solemne, procurando que coincida coa data do Día de Galicia.*

*Artigo 5. Título de fillo ou filla predilectos.*

*1. O título de fillo ou filla predilecto/a de Cee distingue persoas, nadas en Cee que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio do concello.*

*2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*

*3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Cee e un diploma artístico co escudo de Cee no que constará unha breve mención dos merecementos.*

*Artigo 6. Título de fillo ou filla adoptiva.*

*1. O título de fillo ou filla adoptivo/a de Cee poderá outorgarse as persoas que, sen naceren no municipio, manteñan vínculos persoais con ela e que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio do concello.*

*2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*

*3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Cee e un diploma artístico co escudo de Cee no que constará unha breve mención dos merecementos.*

*Artigo 7. Título de cidadán ou cidadá distinguido/a*

*1. O título de cidadán/á distinguido/a poderase outorgar a aquelas persoas físicas ou entidades públicas ou privadas do Concello de Cee nos que concorran un mérito ou méritos verdadeiramente singulares, no eido turístico, cultural, veciñal, artístico, musical, deportivo, empresarial, social, científico ou similares.*

*2. A concesión desta distinción realizarase mediante decreto de Alcaldía, sen necesidade de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



*expediente previo.*

*3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Cee e un diploma artístico co escudo de Cee no que constará unha breve mención dos merecementos.*

*Artigo 8. Título de ilustre visitante.*

*1. O título de ilustre visitante de Cee poderá concederse a aqueles persoeiros de especial relevancia que visiten o municipio de Cee e sexan recibidos oficialmente polo Concello.*

*2. O outorgamento desta distinción realizarase mediante decreto de Alcaldía, sen necesidade de expediente previo.*

*3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Cee e un diploma artístico co escudo de Cee no que constará unha breve mención dos merecementos.*

*Artigo 9. Cronista oficial de Cee*

*1. O título de cronista oficial de Cee poderá concederse a aquelas persoas físicas que acreditaran un profundo coñecemento do pasado histórico de Cee mediante publicacións científicas e actividades culturais relevantes.*

*2. A proposta de iniciación do expediente debера acompañarse dunha memoria na que se especifiquen os méritos que concorran na persoa que se propón, xunto cunha recensión biográfica e bibliográfica.*

*3. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*

*4. Esta distinción correspóndese coa imposición dun pin de solapa co escudo do Concello de Cee e un diploma artístico co escudo de Cee no que constará unha breve mención dos merecementos, e levarase a cabo nun acto solemne, procurando que coincida coa data do Día de Galicia ou das Letras Galegas.*

*Artigo 10. Dedicación/denominación de lugares públicos de Cee*

*1. Correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal dos seus membros, aprobar a proposta da Alcaldía para outorgar a vías municipais ou a establecementos, centros ou instalacións do Concello de Cee, o nome de persoas físicas, organismos, institucións e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor da cidade no caso de organismos, institucións e entidades, ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural, artístico, deportivo, social etc., no caso de persoas físicas.*

*2. En casos puntuais, e para evitar prexuízos de indefinición transitoria aos/as residentes das vías municipais incluídas neste suposto, poderá empregarse ata que se denominen definitivamente a identificación alfanumérica.*

*3. Garantirase a equidade de xénero na denominación das vías municipais e dos establecementos, centros ou instalacións do Concello de Cee outorgadas a persoas físicas, en consonancia co disposto na normativa correspondente.*

*4. Nas denominacións con nomes comúns, darase preferencia ao uso da toponimia e microtoponimia*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



local, entre as propostas de denominación de lugares públicos de Cee, como mostra do apoio á conservación e posta en valor do seu patrimonio material e inmaterial.

## Capítulo III. Procedemento para a concesión de títulos, honras e distincións

### Artigo 11. Iniciación e tramitación

1. A concesión da medalla do Concello de Cee, dos títulos de fillo/a predilecto/a, fillo/a adoptivo/a, cronista oficial de Cee, así como a denominación de vías ou de establecementos, centros e instalacións municipais, a instalación de placas ou elementos análogos, e o irmandamento con outras cidades a que se refire este regulamento, requirirá a instrución previa do oportuno expediente que servirá para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen a concesión e rexerese por este regulamento, con aplicación supletoria do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (R.D. 2568/1986, do 28 de novembro) ou a disposición que se é o caso o substitúa.

2. Calquera persoa, entidade ou asociación poderá facer propostas mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, dirixido ao/a alcalde ou alcaldesa.

3. Os anteditos procedementos iniciaranse mediante providencia da Alcaldía, ou por requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación, para a concesión da medalla de Cee e dos títulos de fillo/a predilecto/a, fillo/ adoptivo/a, cronista oficial de Cee, así como para as propostas de denominación de espazos públicos e irmandamentos.

## Capítulo IV. Loito oficial no Concello de Cee

### Artigo 12. O loito oficial

1. O alcalde ou alcaldesa poderá acordar mediante decreto da alcaldía a declaración de loito oficial cando circunstancias ou feitos de especial transcendencia así o requiran.

2. No decreto da Alcaldía incluíranse todas e cada unha das accións que se vaian desenvolver en sinal de respecto e condolencia.

3. No casos en que a declaración de loito oficial veña acordada por outras institucións ou administracións públicas de ámbito internacional, comunitario, estatal ou autonómico, estarase ao preceptuado pola correspondente declaración.

## Capítulo V. Irmandamento

### Artigo 13. Obxecto, requisitos e procedemento

1. O Concello de Cee poderá decidir o irmandamento con outros municipios, cidades ou localidades co fin de desenvolver vínculos de amizade. É o nivel máis elevado que pode alcanzar a cooperación con outras cidades ou colectividade análogas. Estará baseado na existencia de valores compartidos, vínculos históricos, culturais, lingüísticos, económicos e similares capaces de xerar unha relación permanente entre elas.

2. Os irmandamentos poderán celebrarse con cidades españolas, europeas ou de calquera outro

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



*estado recoñecido por España. Non se celebrarán con cidades que pertencen a estados cuxos sistemas políticos non respecten os principios de democracia e os dereitos humanos ou nos que se practique calquera tipo de discriminación incompatible cos valores democráticos, salvo que o seu obxecto específico e preferente de superar esa situación e apoiar a recuperación das liberdades estea debidamente xustificado no expediente.*

*3. Os obxectivos perseguidos poderán ser:*

*a) Favorecer a creación de sentimentos de proximidade entre a cidadanía, promovendo o mantemento de relacións pacíficas entre os pobos, a resolución de conflitos pola vía do diálogo, a cooperación e o dereito, a tolerancia entre as diversas culturas e civilizacións e, en xeral, os valores establecidos na Carta das Nacións Unidas.*

*b) Fomentar a aproximación da poboación, o incremento do turismo, os intercambios educativos, tecnolóxicos e culturais, e a solidariedade coas situacións de crise ou necesidade.*

*c) Estimular a realización de proxectos que supoñan o intercambio de coñecementos, tecnoloxías, arte e cultura.*

*d) Crear redes de cooperación coas cidades irmandadas para o desenvolvemento de boas prácticas, o intercambio de experiencias e a análise e proposta de solucións en temas concretos de interese común.*

*e) En xeral, calquera outro obxectivo de interese común que contribúa ao establecemento de vínculos de amizade e colaboración para fins pacíficos e de superación dos obstáculos ao respecto e a tolerancia das diferenzas entre os pobos, culturas ou civilizacións.*

*4. Iniciarase o procedemento de acordo co artigo 11 deste regulamento. Do mesmo xeito, a proposta poderá proceder da cidade que pretende o irmandamento con Cee.*

*5. O expediente será instruído polo departamento municipal que corresponda segundo os casos, para o que se redactará un informe sobre os vínculos existentes, os obxectivos e as posibilidades de financiamento dos gastos. Terá que quedar reflectida a conformidade do órgano de goberno da cidade coa que se pretende celebrar o irmandamento.*

*A adopción do acordo de irmandamento requirirá para a súa aprobación acordo adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*

*6. Salvo que se trate dunha cidade española, a intención de celebrar o irmandamento comunicárase ao Ministerio competente en materia de administracións públicas e ao Ministerio de Asuntos Exteriores para os efectos oportunos.*

*7. Cumpridos os requisitos anteriores, procederase de xeito conxunto á redacción dun proxecto de protocolo de irmandamento.*

*8. O protocolo de irmandamento conterá, ademais das mencións xerais de lugar, data, persoas que interveñen e carácter co que actúan, as finalidades e obxectivos que pretenden alcanzar.*

## DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



*Mantéñense vixentes a todos os efectos os títulos, honras e distincións outorgados polo Concello con anterioridade a entrada en vigor deste regulamento.*

## DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

*O presente regulamento permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa*

## DISPOSICIÓN FINAL

*O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no BOP e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local."*

**SEGUNDO.** Someter dito Regulamento á información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello [*dirección <https://www.cee.gal>*] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección <https://www.cee.gal>*].

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

Asinado dixitalmente o marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán."

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

## -----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: ya conocen la propuesta fue debatida en la comisión correspondiente consta un informe del técnico de cultura en el expediente que habla de la necesidad de este reglamento, en el propio informe del técnico de cultura voy a leer un apartado porque se hizo referencia en la comisión a ello por parte de un partido político:

*"O Concello de Cee estableceu un galardón a principios do século XXI, a Medalla Fernando Blanco, que se outorgaba ás persoas físicas ou xurídicas, calquera que fose a a súa actividade, e, que, dentro*



*ou fora do territorio do Concello de Cee destacara polos seus méritos e polos servizos prestados ó mesmo.*

*A proposta dos posibles candidatos correspondía ás asociacións non participando na elección dos galardoados o propio Concello. O galardón non tivo unha regularidade no tempo na década na que se entregou a pesar de que estaba previsto a súa concesión anual na data do 6 de decembro, día da Constitución. No periodo 2002-2010, recibiron este galardón unha serie de persoas, enton fala da necesidade de dito regulamento en base interese xeral, cal é a de recoñecer publicamente a quen ennobrece o concello e, á vez, constitúe o instrumento máis adecuado, senón o único posible, para a consecución dos fins encamiñados a satisfacer aquel interese xeral."*

Sra Díaz Mejuto: con la aprobación de este reglamento el concello de Cee podrá otorgar medalla, título de hijo predilecto, ciudadano distinguido, ilustre visitantes, cronista oficial, todos sabemos que en Cee tenemos un grupos selecto de personas que a través de su trabajo de su carrera rozan la excelencia y llevan el nombre de Cee por todo el mundo, estamos de acuerdo que ese grupo tienen derecho a tener esos títulos, honores y distinciones y estaremos encantados de dárselas y se les reconozca, nos gustaría que de aprobarse esto que nosotros queremos matizar, se haga a poder ser de la forma más elegante posible teniendo en cuenta que estamos a un mes de la convocatoria de las elecciones municipales, nos gustaría que el otorgamiento de esos títulos se haga sin que se enturbie por las elecciones o reconocimientos electoralistas, fines electoralistas es decir que ese reconocimiento sea dado polo para reconocer a esas personas por los que nosotros pensamos que lo mejor sería, que este reglamento votarlo sin problema y que entrase en vigor o se diesen los premios y distinciones en las fiestas patronales de Cee por ejemplo y todos esos honores no se hagan públicos hasta después de las elecciones municipales para que quede todo de forma transparente y sean los verdaderos reconocidos y nada mas.

Sra alcaldesa: hoy lo que se trae es la aprobación del reglamento nada más para que pudiese pasar eso habría que traerlo nuevamente a Pleno y no está previsto nada antes de las elecciones es solo aprobar el reglamento

Sra Díaz Mejuto: perfecto pues con eso

Sra Iglesias Lema: bueno eu teño que manifestar a miña perplexidade co que dixo a miña compañeira do PP porque o outro día na comisión o noso grupo cando se trouxo este punto fixo unha proposta que era xustamente porque estamos a catro meses das eleccións deixalo sobre a mesa, falamos da medalla Fernando Blanco que é o maior recoñecemento que se da en Cee, vense facendo dende o 2001 é posible que haxa que modificar esa ordenanza e podía levarse todo xunto, e darse esas distincións despois cunha nova corporación, si a compañeira está decindo que aproba o reglamento que me parece correcto pero que se dea a medalla ou non eu personalmente si se coñece a politica por dentro si sou a Sra alcaldesa si mañan se presenta algo por rexistro, e unha vez publicado e transcorridos 15 dias os que sexan, si non hai alegacións entra alguen e pide ser ilustre visitante e a Sra alcaldesa porque vai facelo despois de maio, estou perplexa, esto tampouco é un xogo de patio de colexio, esto é un Pleno entón si se aproba o regulamento se aproba con todas as condicións mañan non estamos de acordo e cambiamos o que sexa en pleno en calquera caso para dar distinción salvo cidadan distinguido ou ilustre visitante que é por decreto, para calquer persoa que se propoña ten que vir o pleno da corporación entón non acabei de entender moi ben, entón si a proposta é esa non sei si a Sra alcaldesa ten a ben dalo despois en maio é a sua boa vontade.

Sra Díaz Mejuto: apelo a su buena voluntad le estoy pidiendo que ninguna de esas ilustres personas de Cee vean enturbiado su reconocimiento antes de las elecciones si usted cree que la propuesta del PP es descabellada perfecto, yo la veo muy razonable Sra Iglesias.

Sra Iglesias Lema: decabellada non porque o regulamento haberá que aprobalo falo do dito na comisión que a proposta deixábase sobre a mesa e traíase na seguinte corporación eu sain con



que estaban de acordo con eso, agora que estou perplexa a verdade pero paréceme correcto cada un opina o que quere.

Sra alcaldesa: También apelo a la buena voluntad de los miembros de la corporación, porque también por un tercio de los concejales se puede traer una propuesta al Pleno, la buena voluntad no solamente por parte del gobierno.

Sr Pérez Martínez: entendo as dúas posturas tanto a de Agueda como a de Pilar, pero aqui quedou claro ca resposta da alcaldesa que hai un acordo tácito de que as cousas van ser así, en ningún momento podemos desconfiar que sexan doutra maneira parece que quedou clarísimo

Sra Iglesias Lema: Igual Vde ten información que descoñezo eu dende a comisión non sei nada mais.

Sr Pérez Martínez: Eu tampouco sei nada mais, pois arreglado eso de que a aplicación do regulamento en calquera das súas categorías entrará en vigor despois das eleccións quedou claro, queríamos aportar un par de cousas mais, hai un par de cousas que no artigo 7 o título cidadan distinguido e o 8 o título de ilustre visitante pensamos que se podería modificar para que non dependese solo dunha decisión da alcaldía senón que levaran o mesmo cargo de responsabilidade que os outros títulos anteriores ou sexa que en ningún momento poda ser a alcaldía a que decida por si sola quen é un cidadá distinguido ou un ilustre visitante, é unha aportación positiva que se pode ter en conta.

Sra alcaldesa: Agora non se pode modificar porque a proposta está feita así

Sr Pérez Martínez: Eso xa o sei pero si todos o mundo está de acordo en que se faga esa modificación podería facerse igual que quedamos en facer un acordo tácito

Sra alcaldesa: Se pode modificar a posteriori, un exemplo un ilustre visitante que ven pasado mañá unha persoa que para Cee é importante e teño que convocar, me avisan en dous días, sexa o alcalde que sexa non pode darlle o título? Non é un fillo predilecto

Sr Pérez Martínez: Si se quer modificar sería a posterior?

Sra alcaldesa: Si aprobase e tráese a modificación

Sr Pérez Martínez: Nada mais o único que espero que por primeira en vez en este mandato non legislatura, por primeira vez poidamos confiar na súa palabra

Sra alcaldesa: Vde cree que fallei a miña palabra creo que na legislatura sempre cumprin a palabra e non hai dúbida

Sr Pérez Martínez: De acordo

Sr Domínguez Louro: soamente un apunte que me sae da alma, eu tamén me encho de orgullo cando vexo a persoeiros que levan o nome de Cee polo mundo adiante e presumen deso e tamén se me pon a pel de os pelos de punta pero ogallá este regulamento sirva mais cedo que tarde para recoñecer tamén as persoas que dende o anonimato fan cousas moi importantes por Cee e moi importantes pola vida social e vida da comunidade, nada me enchería mais de satisfacción que cando sexa se lle dera un distintivo a unha persoa que polo que fose pasou mal e saiu adiante na súa vida polas desgrazas que a vida trae e ogallá iso sirva para reconocer ese tipo de veciños e veciñas estea dentro ou non desta corporación poden estar seguro que a quen toque felicitareinos e si estou dentro tamén a quen o propoña e aprobe porque a veces as persoas pasan desapercibidas polo mundo sin sair na TV, radio nos medios de comunicación pero son moi importantes e seguro que todos temos na cabeza a un e unha que conocemos por iso deixar ese apunte que pola miña parte parece importante.

-----VOTACIÓNS-----  
**Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por unanimidade (13 concelleiros/as).**

## **B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**



## 6. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 1171/2022 do 5 do 23 de decembro á Nº 1205/2022 do 30 de decembro.  
Da Nº 1/2023 do 2 de xaneiro á Nº 34/2023 do 23 de xaneiro.

Quedan enterados/as.

## 7. Mocións de urxencia.

Non se producen.

## 8. Rogos e preguntas.

Sra Díaz Mejuto: Pedimos disculpas, tenemos que marchar.

### -----INCIDENCIA-----

#### **Sendo ás 20:42 abandonan o Salón de Plenos os concelleiros/as do grupo político PP**

Sra Iglesias Lema: respecto as resolucións da alcaldía, a aprobación da relación 25/2022 de facturas e outros gastos cun importe de 95507,90 euros, deses 95, 15.000,62 euros son da limpeza de dependencias, evidentemente excede o contrato menor e tuvo que levantar o reparo e responde que os contratos os que se refire a Sra interventora en concreto limpeza edificios estanse en tramitación os inicio do proceso de licitación, ben, despois chega a relación de facturas 26/2022 e outros gastos que levanta outra vez o reparo, e son 17.377.27 euros e Vde a esto di que as facturas de copadoras igual que limpeza dependencias estanse recabando informes necesarios para sua licitación, entonces eu preguntolle a licitación era anual, en xaneiro, entonces xaneiro do ano pasado e deste ano, en dous anos non foi capaz ainda de recabar os informes para levar adiante este licitación ou que probleme houbo?

Sra alcaldesa: están agora, facilitaron os datos do persoal e iniciouse o proceso de licitación

Sra Iglesias Lema: Estiven a punto de escribir nun folio a resposta porque a sabia, no próximo pleno vamos preguntar despois de dous anos están agora, con Vde sempre son as mesmas respostas. Nunha comisión que trouxemos aquí que o final non foi a pleno polo tema da zona azul o noso grupo comentou polas prazas de minusválidos entón chegouse a un acordo de que fose a policía local ou a quen lle compete facer un estudo das convintes, eso vai adiante? Estase facendo?

Sra Alcaldesa: ese informe está realizada la petición en la policía local pero en estos momentos son dos, algún deles inda nos disfrutou das vacacións por estar en servicios mínimos teñen moito traballo.

Sra Iglesias Lema: Entendo que de momento non, no centro comercial hai algún en concurso de acreedores?

Sra alcaldesa: Creo que hai un pero é privado, sei que está en concurso pero non sei a situación a día de hoxe porque non formo parte

Sra Iglesias Lema: na resolución 20/2023 de 17 xaneiro de 2023 volvemos outra vez a José Ramón Paz Lema, esta delegación é de Emilia, é a toma de razón do proxecto técnico de demolición e advirtese expresamente o interesado da demolición, pode contarnos algo?

Sra Trillo Lojo: decidíu trasladarse al polígono y va a proceder a la demolición de la nave

Sra Iglesias Lema: Pero desto, ten resposta por escrito, falamos con el?

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





Sra Trillo Lojo: Claro que hablamos con el tuvimos un monton de reuniones.

Sra Iglesias Lema: Esto a min recórdame cando de pequenas xogábamnos a lío lío mentras tanto chegamos a maio. Teño dous rogos respecto a festa de fin de ano houbo un problema aí ca carpa eu non me acerquei creo que carpa de fin de ano foi algo mais grande porque houbo problemas co garaxe para saír houbo que montar acera, mal tempo e problemas sair do garaxe, tamén será coñecedora como o resto dos cidadans de Cee que houbo queixas do hospital, fago rogo para outra vez porque un usuario do garaxe comentoullo o da carpa e dixolle que eran temas políticos e como Vde exerce moi ben a vixilancia pois neste mandato faise moito si falaran co da carpa non pasarían estas cousas. O segundo rogo este martes entre as 9.00 e 9:30 da maña o edificio onde esta a pizzería toscana quedou sin luz, teñen todo eléctrico, o mediodía 25 minutos sin luz, non puideron sair do garaxe, cando se fagan estas cousas avisa porque foron dous cortes porque a gran maioría das casas teñen todo eléctrico, eu teño queixas dos veciños dese edificio por algo que estaban facendo na rúa Ferrol.

Sr Domínguez Louro: no ultimo pleno fixemos o rogo que anunciase nas redes sociais a convocatoria dos plenos queriamos saber si xa se fixo ou inda non.

Sra alcaldesa: Están publicados na web

Sr Pérez Martínez: non o vin no Facebook

Sra alcaldesa: Queredes no facebook

Sr Pérez Martínez: había que facer esa puntualización?

Sra alcaldesa: Eu preguntei

Sr Pérez Martínez: Era nas redes sociais

Sra alcaldesa: Cada vez que se convoque que é o último venres de mes queredes que se publique no facebook?

Sr Domínguez Louro: Creo que ninguén o sabe.

Sr Pérez Martínez: cachis cachis cachis e

Sra alcaldesa: non hai problema por eso

Sr Domínguez Louro: a petición do conselleiro de sanidade pasou o mes e non nos enviou.

Sra alcaldesa: Si pasouseme, o luns mándoa.

Sr Domínguez Louro: fai uns plenos tamén fixemos unha petición de facer un parking rápido diante das farmacias dixo que ía pedir un informe a policía local.

Sra alcaldesa: Eso é o que me preguntaba a Sra Iglesias.

Sr Domínguez Louro: Nos facemos a pregunta sobre o que fixemos nos

Sra alcaldesa: O mesmo.

Sr Pérez Martínez: nos fixemos unha proposta de que diante das farmacias houbera unha parada para os coches coller medicamentos e retirarse, esta pedido pero hai cinco meses.

Sra alcaldesa: Pero hai dous policías locais.

Sr Pérez Martínez: Eso tamén sería unha pregunta, porque collen tantas depresións os policías locais en Cee.

Sra alcaldesa: Non sei si é por depresión ou non pero que levan tempo é certo, pero non é ningún por depresión.

Sr Pérez Martínez: non sei.

Sr Domínguez Louro: no anterior pleno tamén preguntei e non me contestou, porque se retirou a marquesiña na Cabaleriza que agora están os contedores de lixo.

Sra alcaldesa: estaba en mal estado había que retirala.

Sr Domínguez Louro: Haberá que repoñela porque que agora estean os contedores. Varias cousas



Exp. 2023/G010/000001

sobre as luminarias e o alumeado público hai unha farola no nº 72 da Avda Fisterra, enfronte o cruce de Roget que leva moito tempo apagada, porque non se repón si esta en garantía, si está porque non ven a empresa?

Sra alcaldesa: nesta obra hai unha avaria e ten que reparala, inda non está rematada, o contrato tuvo que suspenderse facer un modificado, xa se levantou a suspensión e esta obra están neste momento traballando e están avisados.

Sr Domínguez Louro: Por esa razón tamén que baixando do cruce de Toba para abaixo?

Sra alcaldesa: Si, non remataron aínda

Sr Domínguez Louro: Sería ben poñer ali ou facerlle saber que teñen que repoñer esa porque as vellas inda seguen alumeando pero esas avenidas xa teñen pouco alumbrado como para que se lle apaguen por encima. Enfronte, o lado do polideportivo de Fernando Blanco hai unha farola que está desapareceu a tapa onde van as conexións e está posta con cinta aislante e supoño que sería unha medida provisoria pero leva moito tempo e a veciñanza ten medo a que un neno poda rascala, meter a man e demais, sería bo si desapareceu esa tapa tentar conseguir outra porque a cinta aislante aínda que fun ver si está ben e o está pero non é unha medida de seguridade axeitada para prever calquera tipo de historias e as farolas a veces dan disgustos que non desexamos. Xa que esa obra está contratada dende o cruce de Toba ata mais ou menos enfronte renault e electro Galicia hai varios báculos unidos por arriba co cable en vez de estar enterrado co que iso supón un perigo bastante gordo incluso antes prohibido agora non sei pero son estruturas metálicas que si hai unha fuga electrifica toda farola e son un perigo debense unir por abaixo e estar enterradas as mangueras rogo que se faga o antes posible polo persoal municipal ou contratando unha empresa. So vou darlle lectura a un wasap que me chegou estes días dunha persoa que consegue o meu telefono: hola Serxio cando teñas ocasión pregunta a alcaldesa porque nas probas as que me presentei sempre se falaba fora de que ía entrar un ou outro e que despois era certo entraba a xente que se nombraba eu nunca fun un deles, boas tardes, este mensaxe me chega e traslado a pregunta e aproveitando sería moi bo tamén antes de rematar este mandato aprobar un regulamento de participación cidadá para que estas preguntas non teña que facelas eu senón que poda a veciñanza facelas no seu tempo que se lle dea, en carballo existe e pedindo a veciñanza calquera persoa o turno para intervir se lle dan tres minutos para intervir e o alcalde contesta, sería moi bo que de aquí o que nos queda aprobar ese regulamento de participación cidadá, dende logo si é bo e hai exemplos que son moi fáciles de conseguir pois nos vamos apoialo e deixar ese traballo feito para que a próxima Corporación poda dar ese luxo a xente a cidadanía que si se acompaña coa publicación nas redes sociais igual conseguimos que a xente veña aquí e sexa mais participativo e entendo que será o que queremos todos, pola nosa parte nada mais, simplemente dicir que hoxe era un bo día pa ra aprobar os presupostos pero foi mal día ou colocaron mal a presentación do candidato ou Vde non o sabía.

Sra alcaldesa: respecto a la participación cidadana le puedo asegurar que se ponen en contacto conmigo por cualquier medio, telefono, wasap, messenger etc y estaría todo el día y estoy contestando.

Sr Pérez Martínez: un inciso estamos referíndonos que o pidan facer así

Sr Domínguez Louro: Vde atende a veciñanza

Sr Pérez Martínez: en Corcubión hai

Sr Domínguez Louro: o regulamento de Corcubión cando presentei esta proposta en anteriores mandatos, eu fixen esta moción e regulamento e en Corcubión aprobouse

Sra alcaldesa: Pero van?

Sr Pérez Martínez: teñen dereito a facelo.



Exp. 2023/G010/000001

Sr Villar Agulleiro: paréceme sin sentido porque os cidadáns elixen a corporación e como si unha persoa quer falar fala co partido correspondente, sería un pouco redundante, ti eres portavoz e destes voz a esa persoa e están elixindo para eso.

Sr Domínguez Louro: este rapaz non ten porque conocerme e non me conocía e nin siquiera o mellor votou o BNG, a democracia é mais que votar cada catro anos, non creo que se encha o pleno tampouco.

Sr Villar Agulleiro: Me parece un pouco redundante si te elixen para voz do pobo Ben pero que veña o pobo a que fale.

Sr Pérez Martínez: que che parece mal?

Sr Villar Agulleiro: ben estou falando con Serxio.

Sr Pérez Martínez: Eu contigo, non che da para mais a cabeza.

Sra alcaldesa: no quero faltas de respecto.

Sr Domínguez Louro: sobre a pregunta da alcaldesa si vai ou non a xente, en Corcubión si presentaron iniciativas e as defenderon, aqui temos traído de Ferroatlántica e defendido, faise en moitos sitios e é a cousa mais normal do mundo, non hai un debate, pero que poda vir aqui un veciño e teña tres minutos para falar e facer a pregunta me parece moi sana para a democracia.

Sr Pérez Martínez: podo facerche unha pregunta Rubén?, porque che parece mal?

Sr Villar Agulleiro: Dixen redundante.

Sr Pérez Martínez: Que pregunte directamente o goberno.

Sr Villar Agulleiro: Non dixen mal, dixen redundante.

Sr Pérez Martínez: Cesar é outra modalidade, diferente.

Sr Villar Agulleiro: O meu parecer nin ben nin mal, redundante, solo digo o meu parecer, si me preguntan na rúa respondo, aqui tamén solo fixen unha apreciación que como somos unha corporación que representamos o pobo.

Sr Pérez Martínez: inda que pareza mentira ti e eu estamos dialogando, unha persoa pode dirixirse a alcaldesa sin intermediarios.

Sr Villar Agulleiro: solo digo o meu parecer.

Sra alcaldesa: le voy a contestar al Sr del wasap de Serxio, desde que accedí a la alcaldía respecto a las plazas que se van sacando se optó por un exame practico sen ser teórico para evitar lo que justamente está manifestando, un exámen publico onde en el tribunal no figuran políticos y son independientes, fijan examen y pruebas prácticas para evitar pasar preguntas etc. Es práctico.

Sr Domínguez Louro: moi breve a sensación que ten este rapaz está na rúa a xente fala sei como funcionan as cousas xa fixen callo como mo mandou e mo di expresamente que o traia o traio a resposta non lla dei antes pero podia darlla que xa sabía o que ía contestar,

Sra alcaldesa: Si tiene alguna duda que presente alegaciones correspondientes, pero alcaldía no interviene en ningun proceso selectivo

Sr Domínguez Louro: estou seguro que é asi e foi sempre.

Ás 21:04 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.